

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DO SALNÉS PARA ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO DESTINO PARA MERCADOS INTERNACIONAIS

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Reunidos

Dunha parte, D^a M^a Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, a **Mancomunidade do Salnés** e no seu nome e representación D. Gonzalo Durán Hermida, na súa calidade de Presidente en funcións, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren no artigo 5 dos Estatutos Mancomunidade Salnés, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Mancomunidade do Salnés é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de: Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo e O Grove. Constituída no ano 1986 por tres destes concellos, pouco a pouco incrementou competencias e ámbito de actuación ata a integración dos nove concellos que a compoñen na actualidade.

Que no artigo 13 dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés, establécense como fins do mesmo entre outros: *“Realización de xestións e actividades para a potenciación do turismo na comarca que atinxe á mancomunidade”*.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, postos en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo.

Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado, que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade, a Axencia Turismo de Galicia acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo na Comarca do Salnés e fundamentalmente na súa proxección exterior, as partes consideran esencial colaborar na realización de accións de promoción do destino para mercados internacionais, xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas mesmas e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade do Salnés, contribúen á potenciación do turismo na área do xeodestino que integra esta Mancomunidade e supón unha continuación da colaboración entre ambas entidades realizada a través dos Plans de Dinamización e de Excelencia Turística e os posteriores convenios postplan desenvolvidos nesta área.

Coas accións de promoción obxecto do presente convenio trátase de acadar os seguintes obxectivos:

- Incremento da entrada de turismo Internacional en Galicia.
- Desestacionalización do turismo.
- Incrementar a estancia media, potenciando produtos máis competitivos.

Para a Mancomunidade do Salnés os mercados internacionais ós que van dirixidas as accións son os seguintes:

Reino Unido

Rusia

Francia

Portugal

Alemania

Italia

Así mesmo, e como acción relevante obxecto do presente convenio cabe destacar aquela que pretende contribuír á declaración da Festa do Albariño como Festa de Interese Turístico Internacional, o cal supón un maior atractivo turístico e un revulsivo para a imaxe da comarca e do turismo no exterior. Para tal fin organizárase un press-trip. Esta declaración supoñería a primeira Festa de Interese Turístico Internacional da comarca.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade do Salnés para a realización de accións de promoción do destino para mercados internacionais, que se recollen como anexo a este convenio.

Estas accións promocionais considéranse de importancia no desenvolvemento turístico de Galicia e do Salnés, ao tratarse dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, con 9 concellos que presentan unha alta proxección turística baseada no patrimonio marítimo, a paisaxe e a gastronomía. Estas actuacións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrência pública ao ser a Mancomunidade a que realiza as citadas actuacións de promoción.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a setenta mil euros (70.000,00 €), dos que a Axencia Turismo de Galicia, achegará a contía de 70.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2017.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2017**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromisos da Mancomunidade do Salnés

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual,...) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso

en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme ao indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta.- Xustificación da subvención e pagamento

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto

193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, para o que a Mancomunidade deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a Mancomunidade deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. De conformidade co disposto no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se contabilizase o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

3. O **prazo para xustificar** por parte da Mancomunidade do Salnés da aplicación dos fondos percibidos remata o **15 de decembro de 2017**. De non xustificarse en prazo a cantidade total

subvencionada, a Mancomunidade deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte ao disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

5. A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Sexta.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100% da subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Mancomunidade está exonerada de constituír garantía relativa aos pagos anticipados previstos nesta cláusula.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017. A Mancomunidade do Salnés como

entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello do Grove deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía

administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

Décimo segunda.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA

A DIRECTORA DE TURISMO

DE GALICIA

POLA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

O PRESIDENTE EN FUNCÍONS

M^a Nava Castro Domínguez

Gonzalo Durán Hermida

ANEXO I

ACCIÓNS	ORZAMENTO
ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO DESTINO PARA MERCADOS INTERNACIONAIS	
Presentación en Moscú do destino Galicia	10.000
Presentación da Ruta Pai Sarmiento en Kiel (Alemania)	6.000
Presentación da Ruta Pai Sarmiento en Nápoles	7.000
Accións de promoción no mercado Reino Unido	20.000
Press-trip de mercados internacionais	20.000
Presentación do destino para periodistas de mercados internacionais e touroperadores en Madrid	7.000
TOTAL	70.000€